

Escoitarei a túa Palabra.

Escoitarei a túa Palabra,


no profundo do meu corazón eu escoitareina.
Na escuridade da noite a Palabra como luz brillará.

Meditarei a túa Palabra, no silencio interior meditareina.
No deserto das voces a Palabra de amor resoará.

E seguirei a túa Palabra, polo carreiro da vida eu seguireina.
No tronso da dor a Palabra da cruz salvareme.

Gardarei a túa Palabra, para a sede dos meus días gardareina.
No transcurso do tempo a Palabra do eterno non pasará.

Anunciarei a túa Palabra, camiñando por este mundo eu anunciareina.
As fronteiras do teu reino, a Palabra como un vento, abrirá de par en par.



QUE FAREI CO LIBRO DA BIBLIA?

1. Acollereino como un tesouro valioso, como a mellor herdanza.
2. Levaréino sempre comigo onde vaia.
3. Colocareino nun lugar preferente na miña casa.
4. Lereino cada día porque contén a historia da miña familia.
5. Esforzareime por coñecelo porque é a luz que me guía.
6. Lereino coa miña familia e aos meus fillos, comentando entre todos.
7. Acudirei a el nas miñas decisións, como actuaría Xesús hoxe?
8. Tratarei de entendelo ben sen acomodalo aos meus gustos.
9. Participarei nalgún grupo para estudalo xuntos.
10. Cando non lle atope sentido consultarei ao "gran ancián" (ao presbítero), que ten moitos anos e un longo camiño percorrido.



Evanxeo
22-xaneiro-2023
3º-ORDINARIO-A



Ordinário 3º-A

- **ISAÍAS 8, 23b-9, 3:** *Na Galilea dos xentís o pobo viu unha luz grande.*

Noutro tempo, humillou o Señor a terra de Zabulón e a terra de Neftalí, pero logo encheu de gloria o camiño do mar, o outro lado do Xordán, Galilea dos xentís. O pobo que **camiñaba en tebras viu unha luz grande**; habitaba en terra e sombras de morte, e unha luz brilloulles. Acrecentaches a alegría, aumentaches o gozo; gózanse na túa presenza, como gozan ao segar, como se alegran ao repartirse o botín. Porque a vara do opresor, o xugo da súa carga, o bastón do seu ombreiro, quebrantáchelos como o día de Madián.

Palabra do Señor.

- **SAL. 26: R/.** **O Señor é a miña luz e a miña salvación.**

- **CORINTIOS 1, 10-13. 17:** *Dicide todos o mesmo e que non haxa divisións entre vós.*

Paulo, chamado a ser apóstolo de Xesucristo por vontade de Deus, e Sóstenes, o noso irmán, á Igrexa de Deus que está en Corinto, aos santificados por Xesucristo, chamados santos con todos os que en calquera lugar invocan o nome do noso Señor Xesucristo, Señor deles e noso: a vós, graza e paz de parte de Deus o noso Pai e do Señor Xesucristo. *Palabra do Señor.*

- **MATEO 4, 12-17:** *Chamou a Pedro, Andrés, Santiago e Xoán.*

Narrador: Ao decatarse Xesús de que arrestaran a Xoán retirouse a Galilea. Deixando Nazaré estableceuse en Cafarnaún, xunto ao mar, no territorio de Zabulón e Neftalí, para que se cumprise o dito por medio do profeta Isaías:

Isaías: *-«Terra de Zabulón e terra de Neftalí, camiño do mar, alén do Xordán, Galilea dos xentís. O pobo que habitaba en tebras viu unha luz grande; aos que habitaban en terra e sombras de morte, unha luz brilloulles».*

Narrador: Desde entón comezou Xesús a predicar dicindo:


Xesús: *-«Convertédevos, porque está preto o reino dos ceos».*

Narrador: Paseando xunto ao mar de Galilea viu dous irmáns, a Simón, chamado **Pedro**, e a **Andrés**, que estaban a botar a rede no mar, pois eran pescadores. Díxolles:

Xesús: *-«Vinde en pos de min e fareivos pescadores de homes».*

Narrador: Inmediatamente deixaron as redes e seguirono.

Narrador: E pasando adiante viu a outros dous irmáns, a **Santiago**, fillo de Zebedeo, e a **Xoán**, seu irmán, que estaban na barca repasando as redes con Zebedeo, o seu pai, e chamounos. Inmediatamente deixaron a barca e ao seu pai e seguirono. Xesús percorría toda Galilea ensinando nas súas sinagogas, proclamando o evanxeo do reino e curando toda enfermidade e toda doenza no pobo. *Palabra do Señor. (Narrador-Isaías-Xesús)*



Que tu palabra nos cambie el corazón, que tu palabra nos cambie el corazón. Danos tu luz y tu amor; danos la paz y el perdón que tu palabra nos cambie el corazón.

Embárcate no proxecto de Xesús, navega no evanxeo

1. VER: Embarcados en mil proxectos

- A todos nos gusta ser creativos, realizar aventuras, iniciar cousas... Cando os pescadores soben a unha barca para ir pescar dicimos que “embarcan”. Pero cando iniciamos algunha actividade dicimos tamén que nos embarcamos en algo.

En que actividades estades embarcados? Que vos gustaría realizar?

2. XULGAR: Embárcate e navega no evanxeo

- No evanxeo deste domingo Xesús comeza a predicar. Viu a Pedro e Andrés, Santiago e Xoán. Chamounos: **“Vinde e seguideme”**. **Eles “inmediatamente deixaron as redes e seguirono”**. Así vai formando o grupo dos Doce, para ser portadores da luz do evanxeo e curar as enfermidades. Chamou aos seus primeiros discípulos, película: <https://www.youtube.com/watch?v=5KCJODQStak>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS? - Xesús hoxe segue chamando a ti e a min, para ser do seu grupo, para anunciarlo, para realizar a súa tarefa hoxe.

- **Xesús hoxe chámache a ti para que deixes as redes e te embarques no seu proxecto**. Entón chamou a aquelas dúas parellas de irmáns como se chamaban? Que deixaron? Si, as redes, a barca, aos seus pais... Que tes que deixar ti para seguir a Xesús mellor? Aqueles catro embarcáronse no proxecto de Xesús que era estender o evanxeo, construír o Reino. Queres ser do grupo de Xesús? Queres anunciar a boa noticia de que Deus nos quere?

-**Para embarcarte no proxecto de Xesús debes navegar polo evanxeo**. Este domingo celebramos o **domingo da PALABRA DE DEUS**. Que quere dicir navegar polo evanxeo? Ler a Palabra, escoitala con atención, orala (que di e que me di a min), facela vida. Porque **“non é Palabra do pasado senón algo vivo e actual”** (VD 5) e **“A Deus falamos cando oramos e a Deus oímos cando aprendemos as palabras divinas”** (DV 25). Que o evanxeo sexa alimento, amigo próximo, forza... Deixarnos atopar, Verbo Divino 2023, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=X-iLSKr90NQ>

Como poñer en valor a Palabra de Deus?

3. ACTUAR: Déixate acompañar polos evanxeos

- Responde na misa: “Loámoste, Señor” e “Gloria a ti, Señor Xesús”.

- Traemos á Eucaristía os nosos evanxeos ou biblias e bendicímolos, colocámolos nunha rede cun cirio aceso e unha frase: **“Embárcate no proxecto de Xesús, navega no evanxeo”**. Tamén bendicimos os lectores. Canto: Que a túa palabra nos cambie o corazón: <https://www.youtube.com/watch?v=yrJrz5hk0LU>

En que poderías mellorar? Que imos facer?